

MATERIA
Comprensión e Expresión Escrita

TITULACIÓN
Grao en Mestre de Educación Primaria

**unidade
didáctica
1**

Aprendizaxe e ensinanza da lectura en lingua inglesa

Iván Tamaredo Meira

Área de Filoloxía Inglesa
Departamento de Filoloxía Inglesa e Alemá
Facultade de Filoloxía

unidadesdidácticas
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA





Esta obra atópase baixo unha licenza internacional Creative Commons BY-NC-ND 4.0. Calquera forma de reprodución, distribución, comunicación pública ou transformación desta obra non incluída na licenza Creative Commons BY-NC-ND 4.0 só pode ser realizada coa autorización expresa dos titulares, salvo excepción prevista pola lei. Pode acceder Vde. ao texto completo da licenza nesta ligazón: <https://creativecommons.org/licenses/by-nc-nd/4.0/deed.gl>

© Universidade de Santiago de Compostela, 2019

Deseño e maquetación

J. M. Gairí

Edita

Servizo de Publicacións e Intercambio Científico
da Universidade de Santiago de Compostela
usc.es/publicacions

ISBN

978-84-17595-63-0

DOI

<https://dx.doi.org/10.15304/9788417595630>

MATERIA: Inglés: Comprensión e Expresión Escrita

TITULACIÓN: Grao en Mestre de Educación Primaria

PROGRAMA XERAL DO CURSO

Localización da presente unidade didáctica

Unidade I. Aprendizaxe e ensinanza da lectura (comprensión escrita) en lingua inglesa

Introdución ao proceso de aprendizaxe da lectura

Metodoloxías de ensino da lectura en inglés como lingua estranxeira

Tipos de lectura

Tipos de habilidades lectoras

Aproximación na aula á ensinanza e práctica da lectura en inglés como lingua estranxeira

Unidade II. Aprendizaxe e ensinanza da escritura (expresión escrita) en lingua inglesa

Introdución ao proceso de aprendizaxe da escritura

Aprendizaxe-ensinanza da escritura en inglés como lingua estranxeira

Tipos de escritura

Aproximación na aula á ensinanza e práctica da escritura en inglés como lingua estranxeira

ÍNDICE

PRESENTACIÓN

1. Requisitos
2. Xustificación

OBXECTIVOS

1. Obxectivos xerais da materia
2. Obxectivos específicos da unidade didáctica

CONTIDOS

1. Introducción ao proceso de aprendizaxe da lectura
2. Metodoloxías de ensino da lectura en inglés como lingua estranxeira
3. Tipos de lectura
4. Tipos de habilidades lectoras
5. Aproximación na aula á ensinanza e práctica da lectura en inglés como lingua estranxeira

METODOLOXÍA

1. Tarefas propostas

AVALIACIÓN

1. Avaliación inicial
2. Avaliación procesual
3. Avaliación final

BIBLIOGRAFÍA

ANEXO

1. Creating comprehension questions



PRESENTACIÓN

A presente unidade didáctica está dedicada á aprendizaxe-ensinanza da lectura en inglés como lingua estranxeira. Forma parte da materia *Inglés: Comprensión e expresión escrita* (G3141455), materia optativa de 4,5 créditos do 3º curso do Grao en Mestre de Educación Primaria (G3141V03) da Facultade de Ciencias da Educación da Universidade de Santiago de Compostela. A duración da unidade didáctica será de aproximadamente 18 horas, 9 horas de carácter expositivo e 9 de carácter interactivo, é dicir, ao redor da metade da duración total da materia. A unidade didáctica céntrase en dúas cuestións independentes pero conectadas da comprensión escrita en inglés como lingua estranxeira. Por unha banda, o alumnado terá a oportunidade de practicar a súa competencia lectora en inglés. Por outra banda, a unidade tamén tratará as diferentes aproximacións á ensinanza da lectura do inglés como lingua estranxeira na Educación Primaria.

1. Requisitos

A materia *Inglés: Comprensión e expresión escrita* impártese integramente en inglés, tanto as sesións expositivas como as interactivas. Todas as tarefas, actividades, intervencións e exames levados a cabo nesta materia serán realizados en inglés, polo que se require un nivel oral e escrito desta lingua equivalente ao B.1 do *Marco Común Europeo de Referencia para as Linguas*.

2. Xustificación

Esta materia é unha das cinco que conforman o bloque optativo *Mención en Lingua Estranxeira: Inglés* (G3141M29) dedicado á aprendizaxe e ensinanza da lingua inglesa, cun total de 42 créditos ECTS. Este bloque está integrado polas materias *Inglés: Comprensión e Expresión Escrita* (4,5 créditos ECTS), *Inglés: Comprensión e Expresión Oral* (4,5 créditos ECTS), *Aprendizaxe Integrada de Contidos en Linguas Estranxeiras: Inglés* (4,5 créditos ECTS), *Inglés: A Diversidade Cultural e as súas Manifestacións* (4,5 créditos ECTS) e *Practicum II: Mención en Lingua Estranxeira: Inglés* (24 créditos ECTS).

A materia *Inglés: Comprensión e Expresión Escrita*, xunto con *Inglés: Comprensión e Expresión Oral*, é fundamental para acadar as destrezas necesarias en lingua inglesa, xa que entre as dúas abranguen as catro competencias lingüísticas básicas: comprensión e expresión escrita, é dicir, lectura e escritura, e comprensión e expresión oral, isto é, fala e escoita. Estas dúas materias son especialmente relevantes dentro do módulo *Mención en Lingua Estranxeira: Inglés* e teñen aplicacións máis alá da súa transcendencia para o coñecemento do inglés como lingua estranxeira por parte do alumnado, sobre todo no relativo ao proceso de aprendizaxe-ensinanza. En ambos casos, os contidos das materias incorporan seccións sobre didáctica, é dicir, sobre o proceso de aprendizaxe-ensinanza das competencias orais e escritas

en inglés como lingua estranxeira, coñecementos fundamentais para a formación do alumnado como mestres ou mestras de linguas estranxeiras en Educación Primaria.

OBXECTIVOS

A continuación, enuméranse os obxectivos xerais da materia, así como os obxectivos específicos desta unidade didáctica:

1. Obxectivos xerais da materia

Inglés: Comprensión e Expresión Escrita cumpre un papel esencial dentro do módulo optativo *Mención en Lingua Estranxeira: Inglés* e complementa ao resto de materias do bloque, especialmente á materia de 3º curso *Inglés: Comprensión e Expresión Oral*. Por tanto, a materia está concibida como unha peza fundamental para a especialización do alumnado no campo da ensinanza do inglés como lingua estranxeira a nivel de Educación Primaria. O principal obxectivo é consolidar un nivel intermedio-alto (B.2) nas destrezas de comprensión e expresión escrita en lingua inglesa que permita ao alumnado comprender e producir textos escritos, tanto xerais como específicos do seu campo de especialización (adquisición e ensinanza da lingua inglesa como lingua estranxeira). Así mesmo, entre os obxectivos xerais da materia tamén figuran os seguintes:

- Coñecer as áreas curriculares da Educación Primaria, as súas relacións, criterios de avaliación, e didáctica do seu ensino e aprendizaxe.
- Coñecer e aplicar nas aulas as tecnoloxías da información e da comunicación.
- Ser capaz de abordar situacións de aprendizaxe de linguas en contextos multiculturais e plurilingües.
- Consolidar as estruturas gramaticais, morfolóxicas, léxicas e discursivas necesarias para comunicarse sen dificultade no nivel de referencia intermedio-alto.
- Coñecer as distintas aproximacións á aprendizaxe-ensinanza do inglés como lingua estranxeira no relativo ás destrezas escritas.
- Aplicar os coñecementos adquiridos na práctica docente de lingua inglesa, especialmente no relativo á ensinanza das destrezas escritas.

2. Obxectivos específicos da unidade didáctica

Das dúas destrezas lingüísticas nas que se enmarcan os contidos da materia *Inglés: Comprensión e Expresión Escrita*, a presente unidade didáctica céntrase na aprendizaxe-ensinanza da lectura, é dicir, na comprensión escrita. O principal obxectivo da unidade didáctica é, polo tanto, adquirir e consolidar un nivel intermedio-alto (B.2) na comprensión escrita en lingua inglesa que permita ao alumnado comprender textos escritos, tanto xerais como específicos do seu campo de

especialización (adquisición e ensinanza da lingua inglesa como lingua estranxeira). Do mesmo xeito, preténdese tamén:

- Adquirir as estruturas gramaticais, morfolóxicas, léxicas e discursivas necesarias para comprender sen dificultade textos escritos no nivel de referencia intermedio-alto.
- Comprender os distintos enfoques e métodos para a aprendizaxe-ensinanza do inglés como lingua estranxeira, especialmente no relativo á lectura.
- Coñecer as diferentes habilidades lectoras e os distintos tipos de tarefas e actividades que se poden empregar para potenciar e avaliar cada unha das habilidades.
- Aplicar os coñecementos adquiridos ao eido profesional, é dicir, na aprendizaxe-ensinanza de lingua inglesa, especialmente no relativo á lectura.

CONTIDOS

Neste apartado, preséntase unha breve descrición dos cinco temas ou seccións que contén a unidade didáctica, así como dos contidos básicos que se tratarán durante o desenvolvemento da mesma. Como xa se explicou con anterioridade, a unidade didáctica céntrase na aprendizaxe da lectura en lingua inglesa, é dicir, a adquisición e práctica por parte do alumnado de destrezas de comprensión escrita en inglés como lingua estranxeira, pero tamén está concibida como unha aproximación didáctica ao proceso de ensinanza da lectura en Educación Primaria. Os distintos temas descritos a continuación reflicten esta dobre vertente.

1. Introducción ao proceso de aprendizaxe da lectura

O primeiro tema da unidade didáctica introducirá ao alumnado no proceso de aprendizaxe da lectura. Nel tratarase, en primeiro lugar, o proceso de adquisición da lectura na lingua materna, o cal se comparará, en segundo lugar, co mesmo proceso de aprendizaxe nunha lingua estranxeira, especificamente en inglés. Así mesmo, discutiránse ideas preconcebidas que a maioría das persoas teñen (consciente ou inconscientemente) sobre a natureza da lectura e poráanse exemplos que contradín estas ideas.

2. Metodoloxías de ensino da lectura en inglés como lingua estranxeira

Nesta sección daránse a coñecer ao alumnado cuestións que se deben ter en conta para o ensino da lectura en inglés como lingua estranxeira. Primeiro, explicaránse os dous niveis, forma e contido, nos que se pode analizar o proceso de lectura (así como case todos os procesos lingüísticos). A continuación, trataránse os diferentes enfoques e métodos empregados para a ensinanza da lectura en inglés como lingua

estranxeira. Estes son o método fonético ou «phonics», que se centra no ensino da conexión entre sons e letras, o método de palabras completas ou «whole word», enfocado na ensinanza de palabras entendidas como unidades individuais separadas do resto, e o método global ou «whole language», que resalta a comprensión global dun texto por enriba da comprensión de unidades específicas (frases, palabras etc.). Tamén se dará a coñecer unha aproximación máis completa ao ensino da lectura que ten en conta todos os niveis dun texto, así como as dúas grandes dimensións lingüísticas de forma e contido. Finalmente, neste tema discutiránse, a partir de exemplos prácticos, as principais vantaxes e problemas dos distintos tipos de actividades que se poden empregar para a ensinanza e práctica da lectura en inglés como lingua estranxeira.

3. Tipos de lectura

Hai dous tipos principais de lectura, a lectura intensiva e a extensiva. A lectura intensiva é aquela que se fai co obxectivo de estudar certas características dunha lingua ou de practicar certas destrezas ou habilidades. Normalmente está acompañada de tarefas ou actividades para consolidar os coñecementos aprendidos. Pola contra, a lectura extensiva é a que se realiza fóra da aula e a iniciativa do propio lector, xa sexa por pracer (novelas, tiras cómicas etc.) ou por interese nun tema en particular (artigo periódico, blog etc.). Nesta sección discutiránse estas dúas clases de lectura, as súas vantaxes e inconvenientes, e a mellor maneira de aplicalas á práctica docente na aula.

4. Tipos de habilidades lectoras

As habilidades lectoras que se discutirán na clase englobáanse en dous tipos principais: primarias e secundarias. As habilidades primarias son necesarias para aproximarse con éxito a textos en lingua inglesa baixo diferentes contextos e con distintos obxectivos en mente; estas son a lectura rápida, a lectura por enriba e a lectura detallada. A lectura rápida baséase en ler rapidamente un texto co fin de atopar certa información específica e é necesaria en situacións nas que o lector non precisa coñecer todos os detalles expostos nun texto senón que soamente está interesado nalgunhas cuestións. A lectura por enriba céntrase en obter una idea xeral do texto e é útil naquelas situacións nas que o lector só precisa saber de que trata un texto, por exemplo, para decidir se é necesario lelo en profundidade ou non. Finalmente, a lectura detallada é aquela que se emprega cando a intención é coñecer toda a información contida nun texto. As habilidades secundarias son aquelas destrezas que facilitan a comprensión dun texto sexa cal sexa o obxectivo do lector. Entre elas atópanse as capacidades de activar o noso coñecemento previo sobre o tema do que trata o texto, de predicir o contido do texto durante o proceso de lectura e de deducir o significado de palabras descoñecidas por contexto.

5. Aproximación na aula á ensinanza e práctica da lectura en inglés como lingua estranxeira

No último tema da unidade didáctica trátanse as diferentes fases a ter en conta á hora de deseñar e aplicar unha tarefa para a ensinanza da lectura na aula. Distinguiranse tres momentos diferentes no proceso de posta en práctica dunha tarefa —antes da lectura, durante a lectura e despois da lectura— nos que a función do mestre varía.

METODOLOXÍA

Como xa se mencionou con anterioridade, as clases serán integramente en inglés. A unidade didáctica terá un carácter eminentemente práctico, que será complementado con sesións teóricas. As clases expositivas estarán dedicadas á parte máis teórica da unidade. Nelas expóranse os conceptos e nocións relacionadas co proceso de ensinanza e aprendizaxe dunha lingua estranxeira na Educación Primaria, principalmente a través de presentacións realizadas polo profesorado pero tamén mediante interaccións con e entre o alumnado. Por outra banda, os estudantes mellorarán a súa competencia comunicativa estudando os aspectos léxicos, morfolóxicos, sintácticos e discursivos da lingua inglesa. Nas sesións interactivas desenvolverase a parte máis práctica da unidade didáctica. Estarán enfocadas principalmente á práctica da competencia comunicativa do alumnado, en particular no relativo á comprensión escrita, pero tamén a aplicar os coñecementos adquiridos sobre a ensinanza da lectura en Educación Primaria. As sesións expositivas e interactivas serán complementadas por tutorías, para grupos pequenos ou individuais, dedicadas a supervisar os estudantes e a promover a aprendizaxe autónoma. As tarefas levaranse a cabo de xeito individual, en parellas e en grupos de tres ou catro persoas. A maior parte destas tarefas realizaranse na aula nas sesións interactivas, aínda que algunhas actividades requirirán de traballo autónomo por parte do alumnado.

No transcurso das sesións expositivas e interactivas empregaranse os recursos dos que dispón a aula —o ordenador, o proxector e a pantalla— para proxectar as presentacións que servirán para a explicación dos contidos. Todo o material empregado na aula, así como calquera recurso adicional que poida ser útil para a unidade didáctica, ponase á disposición do alumnado a través do Campus Virtual da universidade.

1. Tarefas propostas

Suxírense as seguintes tarefas co fin de alcanzar os obxectivos expostos na presente unidade didáctica. Tarefas a realizar na aula:

- Actividades e tarefas en grupo e individuais de carácter práctico destinadas a consolidar os conceptos explicados na aula e practicar as destrezas de comprensión escrita en inglés como lingua estranxeira (véxase Anexo).

- Presentacións orais en grupos de tres ou catro persoas, de entre 15 e 20 minutos de duración, sobre algún contido relacionado coas cuestións vistas na aula (tanto de carácter teórico como práctico). Estas presentacións terán lugar ao finalizar o temario e tamén servirán para avaliar a comprensión por parte do alumnado das nocións explicadas durante a presente unidade didáctica.
- Todas as tarefas serán corrixidas conxuntamente na aula e as respostas do alumnado serán obxecto de debate e reflexión. Isto permitirá aclarar e reforzar aquelas nocións que non queden claras ou que xeren dúbidas.

Tarefas a realizar fóra da aula:

- Realización de lecturas propostas polo profesorado. Estas lecturas serán discutidas e comentadas na aula.
- Preparación das presentacións orais en grupos.
- Actividades e tarefas de reforzo sobre os contidos vistos na aula.

AVALIACIÓN

Dado o carácter eminentemente práctico da unidade didáctica, a asistencia e participación por parte do alumnado, principalmente nas sesións interactivas pero tamén nas expositivas, serán dous aspectos fundamentais e terán un peso moi importante no resultado final. A presente unidade didáctica representará aproximadamente un 50 % do total da materia. A avaliación terá lugar en tres fases:

1. Avaliación inicial

Na primeira sesión da presente unidade didáctica levarase a cabo unha proba que servirá para que tanto o profesorado como o alumnado poidan comprobar os coñecementos previos sobre os contidos da unidade. A proba terá un compoñente lingüístico e outro didáctico e os resultados servirán como punto de partida para as seguintes sesións.

2. Avaliación procesual

Ao longo das seguintes sesións, os estudantes realizarán unha serie de tarefas e exercicios individuais e en grupo co fin de consolidar os coñecementos adquiridos durante o desenvolvemento da unidade. Estas actividades serán de carácter lingüístico e didáctico e tratarán principalmente sobre a lectura en inglés como lingua estranxeira. Así mesmo, o alumnado deberá realizar unha presentación en grupos de tres ou catro persoas na que se desenvolverá un aspecto específico sobre os contidos vistos na aula. A función desta presentación será a de promover a aprendizaxe autónoma así como a de avaliar a comprensión por parte dos estudantes dos conceptos e nocións estudados.

3. Avaliación final

A avaliación final da unidade didáctica levarase a cabo mediante un exame. Nesta proba, que será tanto de carácter teórico como práctico, os estudantes examinaranse sobre o contido global da materia. Teranse en conta tanto os coñecementos sobre os contidos das diferentes unidades didácticas como o uso correcto da lingua inglesa.

BIBLIOGRAFÍA

- ADELSON-GOLDSTEIN, Jayme e Lori HOWARD (2004): *Read and reflect 1: Academic reading strategies and cultural awareness*, Oxford: Oxford University Press.
- BARNARD, Roger e Dorothy ZEMACH (2005): *Writing for the real world 1: An introduction to general writing*, Oxford: Oxford University Press.
- CAMERON, Lynne (2001): *Teaching languages to young learners*, Cambridge: Cambridge University Press. <https://doi.org/10.1017/CBO9780511733109>
- DUNN, Opal (2014): *Introducing English to young children: Reading and writing*, Londres: Collins.
- EASTWOOD, John (2006): *Oxford practice grammar*, Oxford: Oxford University Press.
- EDIGER, Anne e Cheryl PAVLIK (2000): *Reading connections intermediate: Skills and strategies for purposeful reading*, Oxford: Oxford University Press.
- FLYNN, Kathy (2006): *Panorama 2: Building perspective through reading*, Oxford: Oxford University Press.
- GREENALL, Simon e Diana PYE (1997): *Reading 2 student's book: Intermediate*, Cambridge: Cambridge University Press.
- HALL, Nigel e Anne ROBINSON (2003): *Exploring writing and play in the early years*, London: David Fulton.
- HALLIWELL, Susan (2004): *Teaching English in the primary classroom*, Londres: Longman.
- HARMER, Jeremy (2003): *How to teach English: an introduction to the practice of English language teaching*, Harlow: Pearson Education.
- (2007): *The practice of English language teaching*, Harlow: Pearson Education.
- HEARN, Izabella e Antonio GARCÉS (2003): *Didáctica del inglés para primaria*, Madrid: Pearson Education.
- HEDGE, Tricia (2000): *Teaching and learning in the language classroom*, Oxford: Oxford University Press.
- HUIZENGA, Jann e Linda HUIZENGA (2005): *Totally true 2*, Oxford: Oxford University Press.
- LEWIS, Gordon (2004): *The Internet and young learners*, Oxford: Oxford University Press.
- LINDSAY, Cora e Paul KNIGHT (2006): *Learning and teaching English: A course for teachers*, Oxford: Oxford University Press.
- LOUGHEED, Lin (2005): *People, places, and things 2*, Oxford: Oxford University Press.
- MURPHY, Raymond (2004): *English grammar in use: Upper-intermediate*, Cambridge: Cambridge University Press.
- PASTERNAK, Mindy e Elisaveta WRANGELL (2007): *Well read 2*, Oxford: Oxford University Press.

- PHILLIPS, Sarah e Alan MALEY (2003): *Young learners*, Oxford: Oxford University Press.
- PINTER, Annamaria (2006): *Teaching young language learners*, Oxford: Oxford University Press .
- (2017): *Teaching young language learners*, Oxford : Oxford University Press.
- REDMAN, Stuart (2003): *English vocabulary in use: Pre-intermediate and intermediate*, Cambridge: Cambridge University Press.
- REILLY, Vanessa e Sheila M. WARD (2003): *Very young learners*, Oxford: Oxford University Press. <https://doi.org/10.1093/gmo/9781561592630.article.J374700>
- SCOTT, Wendy A. e Lisbeth H. YTREBERG (1990): *Teaching English to children*, Londres: Longman.
- SLATTERY, Mary e Jane WILLIS (2001): *English for primary teachers: A handbook of activities and classroom language*, Oxford: Oxford University Press.
- UR, Penny (2013): *A course in English language teaching*, Cambridge: Cambridge University Press.
- VALE, David e Anne FEUNTEUN (2011): *Teaching children English: A training course for teachers of English to children*, Cambridge: Cambridge University Press.
- WRIGHT, Andrew (2003): *Creating stories with children*, Oxford: Oxford University Press.

ANEXO

O seguinte é un exemplo do tipo de tarefas que se realizarán na aula para consolidar e aplicar os contidos adquiridos durante o transcurso da unidade didáctica:

1. Creating comprehension questions

- Select a newspaper article in English which you think might be of interest to your classmates. To this purpose, you may access the websites of any of the major British newspapers, such as *The Guardian* (<https://www.theguardian.com/uk>) or *The Telegraph* (<https://www.telegraph.co.uk/>).
- Read the article carefully several times and write five comprehension questions with their answers.
- Exchange your questions (but not the answers to the questions) with a classmate and try to answer his/her questions. Additionally, evaluate your classmate's questions: Were they too easy or too difficult? Were they clear enough? Write down any problems, comments, and suggestions that you can think of.
- Exchange the questions again, together with your answers and your assessment of the questions, and correct your classmate's answers: Was s/he able to answer all the questions? Did s/he encounter any problems?
- Finally, discuss your impressions with your partner: What were the major problems you faced when creating suitable comprehension questions?



Unha colección orientada a editar materiais docentes de calidade e pensada para apoiar o traballo do profesorado e do alumnado de todas as materias e titulacións da universidade

unidades didácticas
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

